

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15032935	IES Rego de Trabe	Culleredo	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Historia de España	2º Bac.	3	87

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	8
4.1. Concrecións metodolóxicas	23
4.2. Materiais e recursos didácticos	23
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	24
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	24
6. Medidas de atención á diversidade	26
7.1. Concreción dos elementos transversais	26
7.2. Actividades complementarias	28
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	28
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	30
9. Outros apartados	30

1. Introducción

A materia de Historia de España introduce ao alumnado na perspectiva do pensamento histórico, indispensable para a observación, interpretación e comprensión da realidade na que vive. Atender aos principais retos e problemas aos que se enfrenta no século XXI resulta esencial para o exercicio da súa madurez intelectual e persoal, ao situalo ante os desafíos sociais do presente. A análise do pasado constitúe unha referencia imprescindible para entender o mundo actual. Ademais, conforma un rico legado que o alumnado debe saber apreciar, conservar e transmitir, como legado das distintas xeracións que nos antecederon. Desta maneira, ao estudar os acontecementos vividos por outros, as dificultades ás que tiveron que facer fronte e as decisións que adoptaron, o alumnado ten a oportunidade de coñecer os factores que condicionan a actuación humana e o papel que cobran na historia determinados elementos como a organización do territorio, a articulación das relacións económicas, as crenzas e o desenvolvemento das ideas. Tamén aprende a valorar e comprender a evolución social ata chegar ao actual estado constitucional no que se fundamenta a nosa convivencia democrática.

Entendemos que a función da ensinanza é facilitar a aprendizaxe ao alumnado, axudándoos a construír, adquirir e desenvolver as competencias clave que lles permitan integrarse na sociedade do coñecemento e afrontar os continuos cambios que se impoñen en todas as ordes da nosa vida.

Por competencias enténdese, nun sentido amplo, a concatenación de saberes que artellan unha concepción do ser, do saber, saber facer e saber convivir. A competencia supón unha combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións, e outros compoñentes sociais e de comportamento que se mobilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz.

A inclusión das competencias clave no currículo ten como finalidade que as alumnas e os alumnos a) poidan facer posible o pleno exercicio da cidadanía no marco da sociedade de referencia; b) constrúan un proxecto de vida satisfactorio; c) alcancen un desenvolvemento personal emocional e afectivo equilibrado; e d) accedan a outros procesos educativos e formativos posteriores con garantías de éxito.

A través do estudo da Historia de España, o alumnado deberá adquirir determinados valores e hábitos de comportamento, como a actitude crítica cara ás fontes, o recoñecemento da diversidade de España ou a valoración do patrimonio cultural e histórico recibido. Así mesmo, tal estudo deberá contribuír a fomentar unha especial sensibilidade cara á sociedade do presente e a súa problemática, que anime a adoptar unha actitude responsable e solidaria coa defensa da liberdade, a igualdade de entre homes e mulleres, os dereitos humanos, a non-discriminación e os valores democráticos. A materia proporcionalle ao alumnado unha visión útil e funcional da historia orientada a promover a observación, análise e interpretación da súa contorna real e a exercer unha cidadanía activa e implicada na vida social.

Por iso é polo que a materia de Historia de España adquire un papel fundamental para o exercicio do espírito crítico, fundamentado e razoado, para previr a desinformación e permitir exercer con liberdade o conxunto de valores cívicos que enmarca a nosa Constitución. Todo iso desde unha concepción activa da cidadanía, na que o alumnado se sinta parte implicada da contorna na que vive, colaborando na súa mellora e contribuíndo, desde as súas posibilidades, a unha sociedade máis xusta, equitativa e cohesionada.

Doutra banda, a aproximación á metodoloxía histórica obriga o alumnado ao uso rigoroso e crítico das fontes, á utilización precisa dos conceptos e a historiografía, e ao coñecemento das principais teorías e correntes académicas que foron desenvolvéndose no ámbito da historia e doutras ciencias sociais afíns. Así mesmo, a metodoloxía histórica promove o exercicio de procesos indutivos e de indagación relacionados con estratexias de utilización de documentos e probas, así como á procura e ao tratamento de información e fontes textuais, gráficas, audiovisuais, artísticas, literarias, hemerográficas e sonoras, accesibles en moitos casos grazas a plataformas dixitais.

Preténdese con iso destacar o valor funcional e significativo da aprendizaxe da Historia de España e dos saberes que esta materia ofrece, dotándoos dun sentido práctico e relacionándoos coa contorna real do alumnado.

Relaciónanse os contidos da España contemporánea e actual, que contan con maior presenza, cos de etapas históricas anteriores. Preténdese incidir con iso no carácter funcional das aprendizaxes e na conexión do pasado máis afastado coas épocas máis recentes. En calquera caso, os feitos e acontecementos deben formularse contextualizados no seu momento histórico, caracterizando debidamente cada etapa da historia e situándoa adecuadamente na liña do tempo, evitando así unha visión presentista.

O enfoque competencial do bacharelato e da Historia de España abre novas oportunidades e posibilidades para crear escenarios de aprendizaxe máis activos, nos que dotar de maior protagonismo o alumnado, que permitan o traballo

en equipo, os procesos de indagación e investigación, a creatividade e a transferencia do coñecemento adquirido.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Valorar os movementos e accións que promoveron as liberdades na historia de España, utilizando termos e conceptos históricos, a través da análise comparada dos distintos réximes políticos, para recoñecer o legado democrático da Constitución de 1978 como fundamento da nosa convivencia e garantía dos nosos dereitos.	2	2			12-31	1-2		
OBX2 - Recoñecer e valorar a diversidade identitaria do noso país, por medio do contraste da información e a revisión crítica de fontes, tomando conciencia do papel que xoga na actualidade, para respectar os sentimentos de pertenza, a existencia de identidades múltiples e as normas e símbolos que establece o noso marco común de convivencia.	3	2-3			31	1-2-3		1-2
OBX3 - Analizar e valorar a idea de progreso desde a perspectiva do benestar social e da sustentabilidade, a través da interpretación dos factores modernizadores da economía española, o uso de métodos cuantitativos e a análise crítica das desigualdades sociais e territoriais, para considerar o emprendemento, a innovación e a aprendizaxe permanente como elementos fundamentais nunha contorna económica e profesional en constante cambio.			1-4	2	12-20	1-4		
OBX4 - Tomar conciencia da diversidade social a través da análise multidisciplinaria dos cambios e continuidades da sociedade española ao longo do tempo, a evolución da poboación, os niveis e modos de vida, as condicións laborais e os movementos e conflitos sociais, para valorar o alcance das medidas adoptadas e os progresos e limitacións para avanzar na igualdade, o benestar, a xustiza e a cohesión social.	2-4		4	1	40	1-3		2
OBX5 - Analizar criticamente o papel das crenzas e das ideoloxías na articulación social, no uso do poder e na configuración de identidades e proxectos políticos contrapostos, a través do estudo de fontes primarias e textos historiográficos e a fundamentación de xuízos propios, para debater sobre problemas actuais, transferir coñecemento, valorar a diversidade cultural e mostrar actitudes respectuosas ante ideas lexítimas diferentes ás propias.	3		4		31-40	1-2-3		1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Interpretar o valor xeoestratéxico de España e a súa conexión coa historia mundial, sinalando as analogías e singularidades da súa evolución histórica nun contexto global cambiante, por medio da procura e o tratamento de información, para avalar os compromisos do noso país en materias de cooperación e seguridade, promover actitudes solidarias e asumir os valores do europeísmo.			4		11-40	1-2-3		1-2
OBX7 - Incorporar a perspectiva de xénero na análise da España actual e da súa historia, a través da contextualización histórica de fontes literarias e artísticas e a investigación sobre o movemento feminista, para recoñecer a súa presenza na historia e promover actitudes en defensa da igualdade efectiva de mulleres e homes.	4				11-12-31	2-3		1-2
OBX8 - Valorar o patrimonio histórico e cultural como legado e expresión da memoria colectiva, identificando os significados e usos públicos que reciben determinados acontecementos e procesos do pasado, por medio da análise da historiografía e do pensamento histórico, para o desenvolvemento da iniciativa, do traballo en equipo, da creatividade e da implicación en cuestións de interese social e cultural.			3		11-31-32	1-3	3	32

Descrición:
3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Historiografía e metodoloxía histórica. As raíces históricas de España e de Galicia desde a Prehistoria á Idade Media.	Nesta unidade analízanse as raíces da historia de España e de Galicia: as culturas prehistóricas e protohistóricas, a Hispania e a Gallaecia romanas, a Hispania visigoda, Al-Andalus e os reinos cristiáns, a Galicia medieval .	6	6	X		
2	Os Reis Católicos e a Monarquía hispánica	Nesta unidade analizarase o reinado dos Reis Católicos como unha etapa de transición entre a Idade Media e a Idade Moderna (unión dinástica, reorganización político administrativa), a evolución e a configuración do Imperio español no século XVI, as causas e consecuencias da crise do século XVII nos seus aspectos socioeconómicos e políticos. Prestarase	9	8	X	X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Os Reis Católicos e a Monarquía hispánica	especial atención á análise da economía e a sociedade da Galicia dos Austrias.	9	8	X	X	X
3	O século XVIII, A monarquía borbónica no Antigo Réxime,	Nesta unidade analizarase o cambio dinástico e a Guerra de Sucesión, o novo modelo de Estado implantado pola nova dinastía, o reformismo borbónico con especial atención as medidas que afectan a Galicia (a matrícula do mar, o arsenal de Ferrol, a apertura do comercio colonial). Estudiarase tamén a Ilustración en España (características da Ilustración e do despotismo ilustrado). Prestarase especial atención ao papel da muller na Idade Moderna.	9	8	X	X	X
4	A crise do Antigo réxime (1808-1933)	Analizaranse as relacións entre España e Francia desde a revolución Francesa ata a Guerra de Independencia, os inicios da revolución liberal coas Cortes de Cádiz e a Constitución de 1812 e a restauración de Fernando VII e do absolutismo (as etapas do reinado)	10	9	X		
5	A contrución e consolidación do réxime liberal do réxime liberal (1833-1874)	Nesta unidade estudarase o fenómeno do carlismo como resistencia absolutista fronte á revolución liberal.e a transición definitiva do Antigo Réxime ao réxime liberal burgués durante o reinado de Isabel II. Prerstarase especial atención ao proceso constitucional durante o reinado de Isabel II, e, finalmente, analizarase o Sexenio Democrático como periodo de procura de alternativas democráticas .	10	9	X		
6	A Restauración borbónica. Nación e nacionalismos en España . Crise da Restauración (1902-1931)	Nesta unidade estudarase a Restauración borbónica e o réxime da Constitución de 1876 , os vicios e a quebra do sistema, os rexionalismos e nacionalismos periféricos e a ditadura de Primo de Rivera.	10	9		X	
7	As transformacións socioeconómicas liberais	Nesta unidade analizarase a transición ao capitalismo en España. Centrarémonos na análise da reforma agraria liberal (as desamortizacións), o proceso de industrialización en España (características, principais sectores industriais e o papel do ferrocarril), e a nova sociedade de clases con especial atención aos inicios do movemento obreiro e á discriminación e reivindicación feminina.	10	6		X	
8	A Segunda República e a Guerra Civil	Nesta unidade analizarase a proclamación da II República como solución democrática ao afundimento do sistema político da Restauración , a Constitución de 1931, as grandes reformas e as reaccións que	10	9		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
8	A Segunda República e a Guerra Civil	suscitaron, a evolución política e social. Analizarase tamén a Guerra Civil; o golpe de Estado, a evolución dos dous bandos e a internacionalización do conflito. Na unidade prestarase especial atención ao papel da muller durante a Segunda república e a Guerra Civil (roles de xénero, espazos de actividade, protagonistas) e a loita pola emancipación feminina.	10	9		X	
9	España no franquismo	Analizarase nesta unidade os fundamentos ideolóxicos do réxime franquista (bases e apoios da ditadura), as etapas políticas e económicas e as relacións internacionais, e a evolución das formas de oposición ao réxime tanto no interior como no exterior do país. Adicarase unha atención especial ao papel da muller no franquismo (mecanismos de dominación, roles de xénero, espazos de actividade e sociabilidade).	10	9			X
10	A Transición e consolidación democrática en España	Nesta unidade estudarase os seguintes aspectos: A agonía do réxime.franquista e a Transición democrática (1975-1982). prestando especial interese ao proceso de reforma política, os obstáculos, a Constitución de 1978, e o declive da UCD.A creación do Estado das autonomías. Os Gobiernos socialistas de Felipe González: (integración de España na política internacional. O Estado de bienestar) Os gobiernos conservadores de J.M. Aznar (crecemento, privatización e moeda única). A loita pola emancipación da muller e a loita feminista.	10	9			X
11	Os retos do mundo actual en España	Nesta unidade analizaranse os seguintes aspectos: Os gobernos do século XXI (realizacións e dificultades.) .O impacto das crises económicas(evolución e medidas adoptadas).Da recuperación económica á pandemia de COVID e a guerra de Ucraína. España e Europa no mundo (entrada na UE, integración na política internacional, participación en conflitos bélicos e misións humanitarias de paz). Evolución e cambios na España actual: os retos da globalización económica e cultural,	6	5			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
11	Os retos do mundo actual en España	o estado de benestar,...) O feminismo na actua,lidade: novos conceptos e reivindicacións.	6	5			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Historiografía e metodoloxía histórica. As raíces históricas de España e de Galicia desde a Prehistoria á Idade Media.	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Contrastar a información e desenvolver procesos de crítica de fontes analizando a orixe e a evolución das identidades nacionais e rexionais que se formaron ao longo da historia de España, recoñecendo a pluralidade identitaria do noso país, con especial mención a Galicia.	Atopa información de interese sobre a importancia cultural dos feitos históricos relevantes da unidade. Elabora mapas e liñas de tempo, localizando as fontes adecuadas,	TI	100
CA1.2 - Identificar os distintos procesos políticos, culturais e administrativos que tiveron lugar na formación do Estado e na construción da nación española, analizando criticamente os logros e resultados das accións levadas a cabo e das reaccións xeradas, coñecendo e respectando tanto as identidades múltiples como os símbolos e normas comúns que conforman o marco actual de convivencia.	Identifica o carácter das fontes históricas. Contesta cuestionarios sobre os procesos históricos da unidade cun nivel suficiente e satisfactorio.		
CA1.3 - Referir o papel que representaron as crenzas relixiosas e as institucións eclesiásticas na configuración territorial e política de España, considerando criticamente aqueles momentos nos que primou a uniformidade e a intolerancia contra as minorías étnicas, relixiosas ou culturais.	Explica a evolución dos territorios musulmáns na Península Ibérica. Explica a evolución e configuración política dos reinos cristiáns.		
CA1.4 - Recoñecer o valor xeoestratéxico da Península Ibérica, identificando o rico legado histórico e cultural xerado por mor da súa conexión con procesos históricos relevantes, caracterizando as especificidades e singularidades da súa evolución con respecto a outros países europeos e os estereotipos asociados a elas, así como a influencia das relacións internacionais.	Analiza e explica as características dos principais procesos históricos da Península Ibérica desde a antigüedade ata a Idade media, identificando as súas causas e consecuencias. Identifica e valora o rico legado cultural ligado aos procesos históricos estudados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos

- O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates da sociedade actual.
- O significado xeoestratéxico da Península Ibérica e a importancia do legado histórico e cultural. O Mediterráneo, o Atlántico e a Europa continental nas raíces da historia de España e de Galicia.

UD	Título da UD	Duración
2	Os Reis Católicos e a Monarquía hispánica	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Contrastar a información e desenvolver procesos de crítica de fontes analizando a orixe e a evolución das identidades nacionais e rexionais que se formaron ao longo da historia de España, recoñecendo a pluralidade identitaria do noso país, con especial mención a Galicia.	Describe a reorganización político-administrativa da monarquía dos Reis católicos. Compara os imperios territoriais de Carlos I e de Filipe II. Explica a organización administrativa da Galicia dos Austrias. Define os seguintes conceptos; unión dinástica, Xuntas do Reino de Galicia.	PE	90
CA1.2 - Identificar os distintos procesos políticos, culturais e administrativos que tiveron lugar na formación do Estado e na construción da nación española, analizando criticamente os logros e resultados das accións levadas a cabo e das reaccións xeradas, coñecendo e respectando tanto as identidades múltiples como os símbolos e normas comúns que conforman o marco actual de convivencia.	Analiza as causas e as consecuencias da decadencia no S.XVII (Aspectos socioeconómicos e políticos).O programa de reforma de Olivares e a crise de 1640. Explica a economía e sociedade na Galicia dos Austrias		
CA1.4 - Recoñecer o valor xeoestratéxico da Península Ibérica, identificando o rico legado histórico e cultural xerado por mor da súa conexión con procesos históricos relevantes, caracterizando as especificidades e singularidades da súa evolución con respecto a outros países europeos e os estereotipos asociados a elas, así como a influencia das relacións internacionais.	Contextualiza o proceso de conquista de América e os seus trazos máis significativos. Identifica as principais institucións de goberno e administración . As Leis de Indias Explica os sistemas de explotación dos recursos e as consecuencias económicas desta explotación (revolución dos prezos),		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Referir o papel que representaron as crenzas relixiosas e as institucións eclesiásticas na configuración territorial e política de España, considerando criticamente aqueles momentos nos que primou a uniformidade e a intolerancia contra as minorías étnicas, relixiosas ou culturais.	Explica o papel do catolicismo na configuración cultural e política de España. A situación das minorías relixiosas. Explica a loita pola unidade relixiosa en Europa	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates da sociedade actual. - O significado xeoestratéxico da Península Ibérica e a importancia do legado histórico e cultural. O Mediterráneo, o Atlántico e a Europa continental nas raíces da historia de España e de Galicia. - O proceso de construción nacional en España. Da centralización política e administrativa á fin do Antigo Réxime: a unión dinástica dos Reis Católicos e a formación do Estado moderno; as Xuntas do Reino de Galicia. O papel central da monarquía dos Austrias na Europa moderna, eclosión e decadencia. O cambio dinástico, os decretos de nova planta e a crise do Antigo Réxime. - O significado da monarquía hispánica e da herdanza colonial. Estereotipos e singularidades da historia de España no contexto internacional: as leis de Indias e a «revolución dos presos». - Relixión, Igrexa e Estado. O papel do catolicismo na configuración cultural e política de España. A situación das minorías relixiosas.

UD	Título da UD	Duración
3	O século XVIII, A monarquía borbónica no Antigo Réxime,	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Contrastar a información e desenvolver procesos de crítica de fontes analizando a orixe e a evolución das identidades nacionais e rexionais que se formaron ao longo da historia de España, recoñecendo a pluralidade identitaria do noso país, con especial mención a Galicia.	Explica o cambio dinástico e a Guerra de Sucesión (causas de guerra, bandos en conflito, a Paz de Utrecht).		
CA1.2 - Identificar os distintos procesos políticos, culturais e administrativos que tiveron lugar na formación do Estado e na construción da nación española, analizando criticamente os logros e resultados das accións levadas a cabo e das reaccións xeradas, coñecendo e respectando tanto as identidades múltiples como os símbolos e normas comúns que conforman o marco actual de convivencia.	Explica os Decretos de Nova Planta e os seus efectos. Explica a Ilustración en España (Características da Ilustración e despotismo ilustrado).. Define os seguintes conceptos: Antigo Réxime, Decretos de Nova Planta, despotismo ilustrado.	PE	90

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Referir o papel que representaron as crenzas relixiosas e as institucións eclesiásticas na configuración territorial e política de España, considerando criticamente aqueles momentos nos que primou a uniformidade e a intolerancia contra as minorías étnicas, relixiosas ou culturais.	Define regalismo borbónico e identifica as principais medidas adoptadas.		
CA1.4 - Recoñecer o valor xeoestratéxico da Península Ibérica, identificando o rico legado histórico e cultural xerado por mor da súa conexión con procesos históricos relevantes, caracterizando as especificidades e singularidades da súa evolución con respecto a outros países europeos e os estereotipos asociados a elas, así como a influencia das relacións internacionais.	Identifica as principais medidas do reformismo borbónico con especial atención a Galicia en relación á súa posición xeo-estratéxica. (a matrícula do mar, o arsenal de Ferrol, a apertura ao comercio colonial).		
CA2.5 - Constatar o papel relegado da muller na historia analizando fontes literarias e artísticas, valorando as accións en favor da emancipación da muller e do movemento feminista e recuperando figuras individuais e colectivas como protagonistas silenciadas e omitidas da historia.	Explica as dificultades para estudar a situación das mulleres na Idade Moderna, a condición xurídica da muller no Antigo Réxime e o papel que desenvolve dentro da institución familiar. Sinala as diferenzas entre mulleres privilexiadas e non privilexiadas.		
CA2.3 - Xerar opinións argumentadas, debater e transferir ideas e coñecementos sobre a función que desempeñaron as ideoloxías na articulación social e política da España contemporánea, comprendendo e contextualizando os devanditos fenómenos a través da lectura de textos historiográficos e identificando as principais culturas políticas e ideolóxicas que foron sucedéndose, as súas formas de organización e os diferentes proxectos políticos que representaban, expresando actitudes respectuosas ante ideas diferentes ás propias.	Debate sobre a importancia dos Decretos de Nova Planta na articulación política de España e as súas consecuencias na vida política actual expresando actitudes respectuosas ante ideas diferentes ás propias.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates da sociedade actual. - O significado xeoestratéxico da Península Ibérica e a importancia do legado histórico e cultural. O Mediterráneo, o Atlántico e a Europa continental nas raíces da historia de España e de Galicia. - O proceso de construción nacional en España. Da centralización política e administrativa á fin do Antigo Réxime: a unión dinástica dos Reis Católicos e a formación do Estado moderno; as Xuntas do Reino de Galicia. O papel central da monarquía dos Austrias na Europa moderna, eclosión e decadencia. O cambio dinástico, os decretos de nova planta e a crise do Antigo Réxime. - Relixión, Igrexa e Estado. O papel do catolicismo na configuración cultural e política de España. A situación das minorías relixiosas. - Mecanismos de dominación, roles de xénero, espazos de actividade e escenarios de sociabilidade das mulleres na historia de España. Protagonistas femininas individuais e colectivas. A loita pola emancipación da muller e os movementos feministas. Fontes literarias e artísticas nos estudos de xénero.

UD	Título da UD	Duración
4	A crise do Antigo réxime (1808-1933)	9

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar os distintos procesos políticos, culturais e administrativos que tiveron lugar na formación do Estado e na construción da nación española, analizando criticamente os logros e resultados das accións levadas a cabo e das reaccións xeradas, coñecendo e respectando tanto as identidades múltiples como os símbolos e normas comúns que conforman o marco actual de convivencia.	Explica a crise da monarquía absoluta en España (factores internos e influencia da revolución Francesa, abdicacións e Estatuto de Baiona, ocupación napoleónica).		
CA2.1 - Recoñecer o legado democrático e as accións en favor da liberdade, identificando e comparando os distintos réximes políticos e os seus respectivos textos constitucionais, desde a quebra da Monarquía absoluta e os inicios da España liberal á actualidade, utilizando adecuadamente termos e conceptos históricos, valorando o grao e alcance dos dereitos e liberdades que recoñecen e a aplicación efectiva destes.	Explica os inicios da revolución liberal en España ata a conformación das Cortes de Cádiz. Identifica os trazos máis importantes da Constitución de 1812.	PE	90
CA2.2 - Describir as grandes transformacións sociais e os diferentes modos de organización e participación política que se produciron en España desde o tránsito do Antigo Réxime á nova sociedade contemporánea, analizando o xurdimento e evolución do concepto de cidadanía e das novas formas de sociabilidade, utilizando adecuadamente termos históricos e conceptos historiográficos, e identificando a persistencia das desigualdades.	Explica Restauración de Fernando VII e a confrontación entre absolutismo e liberalismo durante o seu reinado.		
CA2.3 - Xerar opinións argumentadas, debater e transferir ideas e coñecementos sobre a función que desempeñaron as ideoloxías na articulación social e política da España contemporánea, comprendendo e contextualizando os devanditos fenómenos a través da lectura de textos historiográficos e identificando as principais culturas políticas e ideolóxicas que foron sucedéndose, as súas formas de organización e os diferentes proxectos políticos que representaban, expresando actitudes respectuosas ante ideas diferentes ás propias.	Xera opinións argumentadas sobre o papel do liberalismo na articulación social e política da España contemporánea.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- O proceso de construción nacional en España. Da centralización política e administrativa á fin do Antigo Réxime: a unión dinástica dos Reis Católicos e a formación do Estado moderno; as Xuntas do Reino de Galicia. O papel central da monarquía dos Austrias na Europa moderna, eclosión e decadencia. O cambio dinástico, os decretos de nova planta e a crise do Antigo Réxime.

Contidos
- Estudo comparado dos réximes liberais e do constitucionalismo en España: dos inicios do réxime liberal e a Constitución de 1812 ata a Constitución democrática de 1931. Termos e conceptos da historia para o estudo dos sistemas políticos.

UD	Título da UD	Duración
5	A contrución e consolidación do réxime liberal do réxime liberal (1833-1874)	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar os distintos procesos políticos, culturais e administrativos que tiveron lugar na formación do Estado e na construción da nación española, analizando criticamente os logros e resultados das accións levadas a cabo e das reaccións xeradas, coñecendo e respectando tanto as identidades múltiples como os símbolos e normas comúns que conforman o marco actual de convivencia.	Analiza a transición definitiva do Antigo Réxime ao réxime liberal burgués durante o reinado de Isabel II.		
CA2.1 - Recoñecer o legado democrático e as accións en favor da liberdade, identificando e comparando os distintos réximes políticos e os seus respectivos textos constitucionais, desde a quebra da Monarquía absoluta e os inicios da España liberal á actualidade, utilizando adecuadamente termos e conceptos históricos, valorando o grao e alcance dos dereitos e liberdades que recoñecen e a aplicación efectiva destes.	Explica os principios do liberalismo e diferenzas entre as familias políticas da época.e o proceso constitucional durante o reinado de Isabel II. Identifica e describe as etapas políticas do Sexenio Democrático. O legado democrático da constitución de 1869 e do proxecto constitucional republicano,	PE	90
CA2.2 - Describir as grandes transformacións sociais e os diferentes modos de organización e participación política que se produciron en España desde o tránsito do Antigo Réxime á nova sociedade contemporánea, analizando o xurdimento e evolución do concepto de cidadanía e das novas formas de sociabilidade, utilizando adecuadamente termos históricos e conceptos historiográficos, e identificando a persistencia das desigualdades.	Explica as causas da Revolución de 1868 facendo fincapé na inclusión das masas populares e as súas reivindicacións políticas e sociais. Sinalar os principais factores de debilidade do réxime republicano facendo especialmención do movemento cantonal..		
CA2.3 - Xerar opinións argumentadas, debater e transferir ideas e coñecementos sobre a función que desempeñaron as ideoloxías na articulación social e política da España contemporánea, comprendendo e contextualizando os devanditos fenómenos a través da lectura de textos historiográficos e identificando as principais culturas políticas e ideolóxicas que foron sucedéndose, as súas formas de organización e os diferentes proxectos políticos que representaban, expresando actitudes respectuosas ante ideas diferentes ás propias.	Xera opinións argumentadas e debate sobre as principais culturas políticas e ideolóxicas do liberalismo do século XIX en España e os proxectos políticos que representan	TI	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Constatar o papel relegado da muller na historia analizando fontes literarias e artísticas, valorando as accións en favor da emancipación da muller e do movemento feminista e recuperando figuras individuais e colectivas como protagonistas silenciadas e omitidas da historia.	Identificar protagonistas femininas individuais e/ou colectiva		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Relixión, Igrexa e Estado. O papel do catolicismo na configuración cultural e política de España. A situación das minorías relixiosas. - Estudo comparado dos réximes liberais e do constitucionalismo en España: dos inicios do réxime liberal e a Constitución de 1812 ata a Constitución democrática de 1931. Termos e conceptos da historia para o estudo dos sistemas políticos. - Ideoloxías e culturas políticas na España contemporánea: conflitividade, sistemas políticos e usos do poder. Estudo de textos e contextos de partidos e movementos políticos, desde o carlismo e as distintas forzas monárquicas ao Republicanismo e o Obrerismo revolucionario. O papel dos exilios na España contemporánea e a súa contribución á construción da Europa das liberdades. - Mecanismos de dominación, roles de xénero, espazos de actividade e escenarios de sociabilidade das mulleres na historia de España. Protagonistas femininas individuais e colectivas. A loita pola emancipación da muller e os movementos feministas. Fontes literarias e artísticas nos estudos de xénero.

UD	Título da UD	Duración
6	A Restauración borbónica. Nación e nacionalismos en España . Crise da Restauración (1902-1931)	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Contrastar a información e desenvolver procesos de crítica de fontes analizando a orixe e a evolución das identidades nacionais e rexionais que se formaron ao longo da historia de España, recoñecendo a pluralidade identitaria do noso país, con especial mención a Galicia.	Describe a orixe e a evolución dos distintos rexionalismos e nacionalismos do século XIX, con especial mención a Galicia.		
CA2.1 - Recoñecer o legado democrático e as accións en favor da liberdade, identificando e comparando os distintos réximes políticos e os seus respectivos textos constitucionais, desde a quebra da Monarquía absoluta e os inicios da España liberal á actualidade, utilizando adecuadamente termos e conceptos históricos, valorando o grao e alcance dos dereitos e liberdades que recoñecen e a aplicación efectiva destes.	Explica os trazos básicos do réxime da Restauración borbónica , as características da Constitución de 1876 , as causas e hitos na quebra do sistema da Restauración Explica as etapas e trazos básicos da ditadura de Primo de Rivera.	PE	90

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Constatar o papel relegado da muller na historia analizando fontes literarias e artísticas, valorando as accións en favor da emancipación da muller e do movemento feminista e recuperando figuras individuais e colectivas como protagonistas silenciadas e omitidas da historia.	Analiza a nova estrutura social derivada das transformacións económicas facendo especial fincapé no papel das mulleres traballadoras nas cidades e no campo, a loita polos seus dereitos ante a discriminación laboral, salarial e política (movemento sufraxista).		
CA2.3 - Xerar opinións argumentadas, debater e transferir ideas e coñecementos sobre a función que desempeñaron as ideoloxías na articulación social e política da España contemporánea, comprendendo e contextualizando os devanditos fenómenos a través da lectura de textos historiográficos e identificando as principais culturas políticas e ideolóxicas que foron sucedéndose, as súas formas de organización e os diferentes proxectos políticos que representaban, expresando actitudes respectuosas ante ideas diferentes ás propias.	Xera opinións argumentadas e debate sobre a a forma de organización e o proxecto político da Restauración, os intentos rexeneracionistas, a incidencia do problema de Marrocos na vida política española.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates da sociedade actual. - Estudo comparado dos réximes liberais e do constitucionalismo en España: dos inicios do réxime liberal e a Constitución de 1812 ata a Constitución democrática de 1931. Termos e conceptos da historia para o estudo dos sistemas políticos. - Ideoloxías e culturas políticas na España contemporánea: conflitividade, sistemas políticos e usos do poder. Estudo de textos e contextos de partidos e movementos políticos, desde o carlismo e as distintas forzas monárquicas ao Republicanismo e o Obrerismo revolucionario. O papel dos exilios na España contemporánea e a súa contribución á construción da Europa das liberdades. - A cuestión nacional: conciencia histórica e crítica de fontes para abordar a orixe e a evolución dos nacionalismos e rexionalismos na España contemporánea. - Mecanismos de dominación, roles de xénero, espazos de actividade e escenarios de sociabilidade das mulleres na historia de España. Protagonistas femininas individuais e colectivas. A loita pola emancipación da muller e os movementos feministas. Fontes literarias e artísticas nos estudos de xénero.

UD	Título da UD	Duración
7	As transformacións socioeconómicas liberais	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Analizar a evolución económica de España, os seus ritmos e ciclos de crecemento, valéndose do manexo de datos, representacións gráficas e recursos dixitais, interpretando o seu particular proceso de modernización no contexto dos países da súa contorna e os debates historiográficos sobre o seu desenvolvemento industrial, considerando o emprendemento, a innovación e a aprendizaxe permanente como formas de afrontar os retos dunha contorna económica e profesional en constante cambio.	Define desamortización. Explica as causas e consecuencias das desamortizacións de Mendizábal e Madoz, identifica o tipo de bens afectados e os resultados máis destacados. Describe a evolución da industria téxtil, a siderurxia e a minaría ao longo do século XIX.		
CA3.2 - Entender os distintos significados da idea do progreso nos seus contextos históricos, desenvolvendo o estudo multicausal dos modelos de desenvolvemento económico aplicados na España contemporánea e analizando criticamente a idea de modernización, valorando os seus efectos en relación co progreso económico e a mellora das condicións xerais de vida, coa desigualdade social, os desequilibrios territoriais, a degradación ambiental e as relacións de dependencia, así como reflectindo actitudes en favor dos obxectivos de desenvolvemento sustentable.	Analiza os sectores económicos e especifica a situación herdada, as transformacións de signo liberal e as consecuencias que se derivan dela . Compara o proteccionismo e librecambismo ao longo do S.XIX	PE	90
CA3.3 - Analizar de maneira multidisciplinaria a diversidade e a desigualdade social existente na historia contemporánea de España, a evolución da poboación e os cambios nas condicións e modos de vida, interpretando as causas e motivos da conflitividade social e a súa articulación en distintos movementos sociais, considerando a acción motivada dos suxeitos e as medidas de distinto tipo adoptadas polo estado.	Describe as condicións de vida das clases traballadores e os inicios do movemento obreiro en España. Define ludismo. Explica os principios esenciais defendidos polas ideoloxías obreiras anarquista e marxista facendo referencia aos seus obxectivos e os medios empregados para a súa consecución,		
CA2.5 - Constatar o papel relegado da muller na historia analizando fontes literarias e artísticas, valorando as accións en favor da emancipación da muller e do movemento feminista e recuperando figuras individuais e colectivas como protagonistas silenciadas e omitidas da historia.	Constata a desigualdade legal e laboral da muller na nova sociedade industrial	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Mecanismos de dominación, roles de xénero, espazos de actividade e escenarios de sociabilidade das mulleres na historia de España. Protagonistas femininas individuais e colectivas. A loita pola emancipación da muller e os movementos feministas. Fontes literarias e artísticas nos estudos de xénero. - A transición ao capitalismo en España. Os debates historiográficos sobre a industrialización do país e da súa dependencia exterior. O modelo de desenvolvemento económico español, ritmos e ciclos de crecemento. Pautas rexionais. O modelo de industrialización en Galicia. - As grandes desamortizacións liberais: logros e frustracións. - Cambios sociais e novas formas de sociabilidade: interpretacións sobre a transformación da sociedade estamental e o desenvolvemento do novo concepto de cidadanía. - Traballo e condicións de vida. A evolución da sociedade española. Poboación, familias e ciclos de vida. Servidume señorial, proletarización industrial, o nacemento das clases medias e o estado do benestar.

Contidos

- Mundo rural e mundo urbano. Relacións de interdependencia e de reciprocidade entre o campo e a cidade desde unha perspectiva histórica. O foro en Galicia. O éxodo rural.
- A loita pola igualdade e a xustiza social: conflictividade, movementos sociais e asociacionismo obreiro.

UD	Título da UD	Duración
8	A Segunda República e a Guerra Civil	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Contrastar a información e desenvolver procesos de crítica de fontes analizando a orixe e a evolución das identidades nacionais e rexionais que se formaron ao longo da historia de España, recoñecendo a pluralidade identitaria do noso país, con especial mención a Galicia.	Explica a estrutura do Estado establecida no marco da Constitución de 1931 e os logros no recoñecemento da autonomía das rexións .		
CA1.2 - Identificar os distintos procesos políticos, culturais e administrativos que tiveron lugar na formación do Estado e na construción da nación española, analizando criticamente os logros e resultados das accións levadas a cabo e das reaccións xeradas, coñecendo e respectando tanto as identidades múltiples como os símbolos e normas comúns que conforman o marco actual de convivencia.	Explica a II República como solución democrática ao afundamento do sistema político da restauración enmarcada nun contexto internacional de crise económica e conflictividade social. Identifica as etapas da Segunda república.		
CA2.1 - Recoñecer o legado democrático e as accións en favor da liberdade, identificando e comparando os distintos réximes políticos e os seus respectivos textos constitucionais, desde a quebra da Monarquía absoluta e os inicios da España liberal á actualidade, utilizando adecuadamente termos e conceptos históricos, valorando o grao e alcance dos dereitos e liberdades que recoñecen e a aplicación efectiva destes.	Especifica as características esenciais da Constitución de 1931 valorando o grao e alcance dos dereitos e liberdades que recoñece,	PE	90
CA2.3 - Xerar opinións argumentadas, debater e transferir ideas e coñecementos sobre a función que desempeñaron as ideoloxías na articulación social e política da España contemporánea, comprendendo e contextualizando os devanditos fenómenos a través da lectura de textos historiográficos e identificando as principais culturas políticas e ideolóxicas que foron sucedéndose, as súas formas de organización e os diferentes proxectos políticos que representaban, expresando actitudes respectuosas ante ideas diferentes ás propias.	Explica as forzas políticas configuradas na II República tanto a favor como en contra da fórmula republicana sinalando os seus principais trazos ideolóxicos e apoios.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Empregar o rigor metodolóxico da historia no estudo das grandes reformas estruturais que acometeu a Segunda República, identificando os seus logros e fracasos, tamén as reaccións que se produciron e que, entre outras consideracións, derivaron no golpe de Estado de xullo de 1936, aproximándose á historiografía sobre a Guerra Civil e ao marco conceptual do estudo dos sistemas totalitarios e autoritarios a través da interpretación da evolución do Franquismo.	Identifica as grandes reformas estruturais da Segunda República e as reaccións que produciron. Analiza a Guerra Civil identificando: causas e consecuencias, a intervención internacional e a evolución nas dúas zonas.		
CA2.5 - Constatar o papel relegado da muller na historia analizando fontes literarias e artísticas, valorando as accións en favor da emancipación da muller e do movemento feminista e recuperando figuras individuais e colectivas como protagonistas silenciadas e omitidas da historia.	Explica os principais dereitos sociais e políticos acadados polas mulleres na II República (en particular o dereito ao voto), o papel xogado polas mulleres durante a guerra Civil en cada un dos bandos, identificando algunhas protagonistas individuais ou colectivas.		
CA4.5 - Realizar traballos de indagación e investigación, iniciándose na metodoloxía histórica e a historiografía, mediante a xeración de produtos relacionados coa memoria colectiva sobre acontecementos, personaxes ou elementos patrimoniais de interese social ou cultural da contorna local, considerando o patrimonio histórico como un ben común que se debe protexer.	Valora a importancia da Idade da prata da cultura española e explica as achegas das xeneracións do 98 a do 36. Explica e compara os carteis de propaganda política da Guerra civil española e analiza as mensaxes que pretendían trasladar dun xeito visual e sinxelo á poboación	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates da sociedade actual. - Estudo comparado dos réximes liberais e do constitucionalismo en España: dos inicios do réxime liberal e a Constitución de 1812 ata a Constitución democrática de 1931. Termos e conceptos da historia para o estudo dos sistemas políticos. - Ideoloxías e culturas políticas na España contemporánea: conflictividade, sistemas políticos e usos do poder. Estudo de textos e contextos de partidos e movementos políticos, desde o carlismo e as distintas forzas monárquicas ao Republicanismo e o Obrerismo revolucionario. O papel dos exilios na España contemporánea e a súa contribución á construción da Europa das liberdades. - A Segunda República e a transformación democrática de España: as grandes reformas estruturais e a súa orixe histórica. Realizacións sociais, políticas e culturais; reaccións contra as reformas. - O golpe de Estado de 1936. A Guerra Civil e o Franquismo: aproximación á historiografía sobre o conflito e ao marco conceptual dos sistemas totalitarios e autoritarios. - Mecanismos de dominación, roles de xénero, espazos de actividade e escenarios de sociabilidade das mulleres na historia de España. Protagonistas femininas individuais e colectivas. A loita pola emancipación da muller e os movementos feministas. Fontes literarias e artísticas nos estudos de xénero. - Conservación e difusión do patrimonio histórico: o valor patrimonial, social e cultural da memoria colectiva. Arquivos, museos e centros de divulgación e interpretación histórica.

UD	Título da UD	Duración
9	España no franquismo	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Xerar opinións argumentadas, debater e transferir ideas e coñecementos sobre a función que desempeñaron as ideoloxías na articulación social e política da España contemporánea, comprendendo e contextualizando os devanditos fenómenos a través da lectura de textos historiográficos e identificando as principais culturas políticas e ideolóxicas que foron sucedéndose, as súas formas de organización e os diferentes proxectos políticos que representaban, expresando actitudes respectuosas ante ideas diferentes ás propias.	Explica os fundamentos ideolóxicos do réxime franquista. Bases e apoios da ditadura.		
CA2.4 - Empregar o rigor metodolóxico da historia no estudo das grandes reformas estruturais que acometeu a Segunda República, identificando os seus logros e fracasos, tamén as reaccións que se produciron e que, entre outras consideracións, derivaron no golpe de Estado de xullo de 1936, aproximándose á historiografía sobre a Guerra Civil e ao marco conceptual do estudo dos sistemas totalitarios e autoritarios a través da interpretación da evolución do Franquismo.	Explica a política económica do franquismo nas súas etapas.	PE	90
CA3.3 - Analizar de maneira multidisciplinaria a diversidade e a desigualdade social existente na historia contemporánea de España, a evolución da poboación e os cambios nas condicións e modos de vida, interpretando as causas e motivos da conflitividade social e a súa articulación en distintos movementos sociais, considerando a acción motivada dos suxeitos e as medidas de distinto tipo adoptadas polo estado.	Especifica os grupos de oposición política ao réxime franquista tanto no interior como no exterior de España e explica a súa evolución no tempo.		
CA1.3 - Referir o papel que representaron as crenzas relixiosas e as institucións eclesiásticas na configuración territorial e política de España, considerando criticamente aqueles momentos nos que primou a uniformidade e a intolerancia contra as minorías étnicas, relixiosas ou culturais.	Valora a importancia do nacionalcatolicismo como fundamento ideolóxico do réxime franquista	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Relixión, Igrexa e Estado. O papel do catolicismo na configuración cultural e política de España. A situación das minorías relixiosas. - Ideoloxías e culturas políticas na España contemporánea: conflitividade, sistemas políticos e usos do poder. Estudo de textos e contextos de partidos e movementos políticos, desde o carlismo e as distintas forzas monárquicas ao Republicanismo e o Obrerismo revolucionario. O papel dos exilios na España contemporánea e a súa contribución á construción da Europa das liberdades.

Contidos

- A cuestión nacional: conciencia histórica e crítica de fontes para abordar a orixe e a evolución dos nacionalismos e rexionalismos na España contemporánea.
- O golpe de Estado de 1936. A Guerra Civil e o Franquismo: aproximación á historiografía sobre o conflito e ao marco conceptual dos sistemas totalitarios e autoritarios.
- Fundamentos ideolóxicos do réxime franquista, relacións internacionais e etapas políticas e económicas. A represión e os movementos de protesta contra a ditadura.
- Mecanismos de dominación, roles de xénero, espazos de actividade e escenarios de sociabilidade das mulleres na historia de España. Protagonistas femininas individuais e colectivas. A loita pola emancipación da muller e os movementos feministas. Fontes literarias e artísticas nos estudos de xénero.
- A loita pola igualdade e a xustiza social: conflictividade, movementos sociais e asociacionismo obreiro.

UD	Título da UD	Duración
10	A Transición e consolidación democrática en España	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Contrastar a información e desenvolver procesos de crítica de fontes analizando a orixe e a evolución das identidades nacionais e rexionais que se formaron ao longo da historia de España, recoñecendo a pluralidade identitaria do noso país, con especial mención a Galicia.	Describe a construción do Estado das Autonomías con especial atención ao caso de Galicia.		
CA1.2 - Identificar os distintos procesos políticos, culturais e administrativos que tiveron lugar na formación do Estado e na construción da nación española, analizando criticamente os logros e resultados das accións levadas a cabo e das reaccións xeradas, coñecendo e respectando tanto as identidades múltiples como os símbolos e normas comúns que conforman o marco actual de convivencia.	Describe o contexto no que se levou a cabo a Transición, principais dificultades e actuacións impulsadas por Adolfo Suárez (Lei para a reforma política de 1976, lei de amnistía de 1977...)		
CA2.1 - Recoñecer o legado democrático e as accións en favor da liberdade, identificando e comparando os distintos réximes políticos e os seus respectivos textos constitucionais, desde a quebra da Monarquía absoluta e os inicios da España liberal á actualidade, utilizando adecuadamente termos e conceptos históricos, valorando o grao e alcance dos dereitos e liberdades que recoñecen e a aplicación efectiva destes.	Explica o proceso de elaboración e aprobación da Constitución de 1978 e os seus trazos esenciais.	PE	90
CA2.2 - Describir as grandes transformacións sociais e os diferentes modos de organización e participación política que se produciron en España desde o tránsito do Antigo Réxime á nova sociedade contemporánea, analizando o xurdimento e evolución do concepto de cidadanía e das novas formas de sociabilidade, utilizando adecuadamente termos históricos e conceptos historiográficos, e identificando a persistencia das desigualdades.	Describe as grandes transformacións sociais e culturais da España de Transición.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Xerar opinións argumentadas, debater e transferir ideas e coñecementos sobre a función que desempeñaron as ideoloxías na articulación social e política da España contemporánea, comprendendo e contextualizando os devanditos fenómenos a través da lectura de textos historiográficos e identificando as principais culturas políticas e ideolóxicas que foron sucedéndose, as súas formas de organización e os diferentes proxectos políticos que representaban, expresando actitudes respectuosas ante ideas diferentes ás propias.	Identifica as principais forzas políticas que actuaron na Transición e consolidación da nosa democracia- Explica os logros e as dificultades básicas que atopou a UCD e o intento de golpe do 23-F. Explica a política levada a cabo polos gobernos socialistas ata 1996.		
CA4.1 - Identificar e valorar o papel da Transición no establecemento da democracia actual e da Constitución de 1978 como fundamento e garantía dos dereitos e liberdades dos españois, a través da elaboración de xuízos propios sobre os principais debates que afectan o sistema constitucional, mediante o dominio de procesos de procura e tratamento da información.	Valora o papel da Transición no establecemento da democracia actual e o da Constitución de 1978 como fundamento e garantía dos dereitos e liberdades dos españois. Procura información e emite xuízos propios sobre os principais debates que afectan na actualidade o sistema constitucional.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates da sociedade actual. - A cuestión nacional: conciencia histórica e crítica de fontes para abordar a orixe e a evolución dos nacionalismos e rexionalismos na España contemporánea. - Mecanismos de dominación, roles de xénero, espazos de actividade e escenarios de sociabilidade das mulleres na historia de España. Protagonistas femininas individuais e colectivas. A loita pola emancipación da muller e os movementos feministas. Fontes literarias e artísticas nos estudos de xénero. - Identidade e sentimentos de pertenza: recoñecemento das identidades múltiples e dos símbolos e normas comúns do Estado español. - A Transición e a Constitución de 1978: identificación dos retos, logros e dificultades da fin da ditadura e do establecemento da democracia. A normalización democrática e a ameaza do terrorismo. Conciencia democrática: coñecemento dos principios e normas constitucionais, exercicio dos valores cívicos e participación cidadá. - Memoria democrática: recoñecemento das accións e movementos en favor da liberdade na historia contemporánea de España, conciencia de feitos traumáticos do pasado e do deber de non repetilos. Recoñecemento, reparación e dignificación das vítimas da violencia e do terrorismo en España. As políticas de memoria en España. Os lugares de memoria.

UD	Título da UD	Duración
11	Os retos do mundo actual en España	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Entender os distintos significados da idea do progreso nos seus contextos históricos, desenvolvendo o estudo multicausal dos modelos de desenvolvemento económico aplicados na España contemporánea e analizando criticamente a idea de modernización, valorando os seus efectos en relación co progreso económico e a mellora das condicións xerais de vida, coa desigualdade social, os desequilibrios territoriais, a degradación ambiental e as relacións de dependencia, así como reflectindo actitudes en favor dos obxectivos de desenvolvemento sustentable.	Explica os retos da España actual: os retos da globalización económica e cultural, as limitacións e retos do estado de benestar., o desenvolvemento sustentable... Define: desenvolvemento sustentable.		
CA4.2 - Deducir a través do estudo crítico de noticias e datos estatísticos a evolución do Estado constitucional, identificando os logros e retrocesos experimentados e as medidas adoptadas polo Estado ata o presente, a evolución dos niveis de vida e de benestar, así como os límites e retos de futuro.	Explica a evolución política, económica e social de España no século XXI ; a ruptura do bipartidismo, o impacto das crises económicas e as medidas adoptadas, os novos movementos de reivindicación social e cidadá .	PE	90
CA4.3 - Sinalar os retos globais e os principais compromisos do Estado español na esfera internacional, así como os que derivan da súa integración na Unión Europea, a través de procesos de procura, selección e tratamento da información, así como do recoñecemento dos valores da cooperación, a seguridade nacional e internacional, a sustentabilidade, a solidariedade, o europeísmo e o exercicio dunha cidadanía ética dixital.	Comenta os efectos máis saientables do proceso de integración en Europa e as consecuencias; e a integración de España na política internacional (a adhesión á OTAN, política iberoamericana,...). Identificar misións humanitarias ou de paz nas que España ten participado nos últimos anos.		
CA4.4 - Introducir a perspectiva de xénero na observación e análise da realidade histórica e actual, identificando os mecanismos de dominación que xeraron e mantiveron a desigualdade entre mulleres e homes, así como os roles asignados e os espazos de actividade ocupados tradicionalmente pola muller.	Identificar as principais desigualdades entre homes e mulleres na actualidade. Identificar os novos conceptos e reivindicacións do movemento feminista.		
CA4.5 - Realizar traballos de indagación e investigación, iniciándose na metodoloxía histórica e a historiografía, mediante a xeración de produtos relacionados coa memoria colectiva sobre acontecementos, personaxes ou elementos patrimoniais de interese social ou cultural da contorna local, considerando o patrimonio histórico como un ben común que se debe protexer.	Realizar unha presentación ; lugares de interese histórico da contorna.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A loita pola igualdade e a xustiza social: conflictividade, movementos sociais e asociacionismo obreiro. - España en Europa: derivacións económicas, sociais e políticas do proceso de integración na Unión Europea, situación actual e expectativas de futuro. Os valores do europeísmo: principios que guían a idea da Unión Europea e actitude participativa ante os programas e proxectos comunitarios. - España e o mundo: a contribución de España á seguridade e cooperación mundial e a súa participación nos organismos internacionais. O compromiso institucional, social e cidadán ante os obxectivos de desenvolvemento

Contidos

- sustentable. O comportamento ecosocial. Solidariedade e cooperación: os grandes desafíos que afectan a España e ao mundo e condutas tendentes ao compromiso social, ao asociacionismo e ao voluntariado.
- Crecemento económico e sustentable: manexo de datos, aplicacións e gráficos para a análise da evolución da economía española desde o desenvolvementismo á actualidade. Desequilibrios sociais, territoriais e ambientais.
- A cultura de seguridade nacional e internacional, instrumentos estatais e internacionais para preservar os dereitos, as liberdades e o benestar da cidadanía.
- Conservación e difusión do patrimonio histórico: o valor patrimonial, social e cultural da memoria colectiva. Arquivos, museos e centros de divulgación e interpretación histórica.
- Cidadanía ética dixital: respecto á propiedade intelectual. Participación e exercicio da cidadanía global a través das tecnoloxías dixitais. Prevención e defensa ante a desinformación e a manipulación.

4.1. Concrecións metodolóxicas

As unidades didácticas correspondentes a Historia de España están deseñadas co obxectivo de que o alumnado acadese un coñecemento do pasado máis entrocando co seu presente, e para que logre posuír unha visión xeral dos aspectos máis salientables da época actual.

A metodoloxía será variada e axeitada ás características e aos ritmos de aprendizaxe do alumnado, será tamén activa e participativa, favorecendo o traballo individual e o colaborativo do alumnado, co fin de que os contidos se convertan en coñecementos aplicables con eficacia a situacións reais e aos estudos posteriores. En definitiva, será unha metodoloxía dirixida a implicar ao alumnado na aprendizaxe para que o alumnado adquira as habilidades que lles permitan construír os seus propios esquemas explicativos para comprender o mundo no que viven, construír a súa propia identidade, interactúar en situacións diversas e para que continúen aprendendo.

Na aula combinarase a explicación teórica por parte do profesor á hora da presentación da problemática xeral dos procesos e realidades a explicar (mapas conceptuais, fotografías, presentacións, vídeos, textos, mapas, gráficas, estatísticas) cunha metodoloxía que favoreza a aprendizaxe autónoma, é dicir, o alumnado elaborará os contidos a partir dos materiais de traballo (libro de texto ou os materiais diversos e rúbricas proporcionados/apuntados pola profesora) nunha tarefa cotiá dirixida e orientada pola profesora.

Pola súa parte, a docente despregará os recursos didácticos necesarios que permitan desenvolver os contidos propios da materia, relacionados coas competencias clave e cos criterios de avaliación, para poder acadar así os obxectivos do currículo. O profesorado intentará partir, na medida do posible, de situacións próximas ao alumnado para que este poida aplicar en diferentes contextos os contidos dos saberes básicos que conforman cada unha das competencias clave. Creará contextos e situacións de aprendizaxe que representen retos para o alumnado, que os invite a cuestionarse os seus saberes actuais, que os obrigue a ampliar a súa perspectiva e a contrastar o seu parecer, a xustificar e a interpretar con rigor.

Para poñer en práctica o dominio dos contidos básicos das Ciencias Sociais o alumnado levará a cabo pequenas tarefas de investigación de maneira individual ou grupal.

Os materiais de traballo no presente curso 2024-25 adaptaranse aos cambios propostos polo grupo de traballo da PAU,

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto . Historia de España. Baía Edicións
Apuntamentos docente

Aula virtual da materia
Portfolio do alumnado
Fichas fotocopiáveis
Presentacións interactivas por medio de webs, realidade virtual e apps
Biblioteca escolar. Novelas históricas, novelas gráficas e outros ,,,

Para a práctica e desenvolvemento na aula contamos con recursos variados entre os que se poden destacar os seguintes:

O libro de texto físico como apoio para o profesorado e para o alumnado xa que aglutina todas as unidades que se van traballar ao longo do curso e tamén ofrece documentos de interese para o traballo na aula.. O profesorado xestionará o seu uso.

Ademais do libro de texto empregárase material complementario, elaborado polo profesorado ou seleccionado a partir doutras fontes, que se acomode aos diferentes ritmos de aprendizaxe que se poden dar na aula. Así mesmo, o profesorado utilizará a aula virtual da materia como repositorio de contidos avaliábeis, para facer propostas de traballo (visualizar vídeos, comentar textos...) así como presentacións interactivas.

O alumnado pode utilizar o seu portafólio de traballo, que será supervisado polo profesorado.

Os recursos da biblioteca son limitados, pero nela o alumnado pode atopar ordenadores , materiais complementarios e os títulos que propoñeremos como lecturas voluntarias. O espazo é adecuado para a celebración de debates.As novelas históricas e gráficas serán tratadas como apoio aos contidos dunha forma lúdica. A súa lectura terá un carácter complementario de carácter voluntario e traballaránse co formato de club de lectura.

Empregaránse diferentes materiais, cada vez máis relacionados coas TIC, buscando unha maior diversificación, para dar cobertura aos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase nos primeiros días de clase, destinada a comprobar a capacidade de expresión, corrección formal, análise, coherencia expositiva e coñecementos previos, pero tamén estará destinada a observar a actitude do/a alumno/a na clase e a súa interacción co resto do grupo e coa profesora.

Realizarase unha pequena proba inicial para comprobar os coñecementos previos, e ao longo das primeiras semanas irase rexistrando a través de táboas de indicadores as observacións realizadas respecto a aspectos básicos como comprensión lectora, expresión escrita (coherencia, corrección gramatical e ortográfica), elaboración de liñas do tempo, esquemas, mapas conceptuales para coñecer se o alumnado domina estes procedementos básicos.

Na xunta de avaliación inicial completaremos a nosa informacións coas aportacións doutros membros do equipo docente e do Departamento de Orientación e se adoptarán as medidas educativas que se consideren convenientes para cada alumno/a atendendo ás súas circunstancias e posibilidades. Estas medidas serán revisadas trimestralmente coincidindo coas xuntas de avaliación

.Ao inicio de cada unidade didáctica realizaremos unha pequena actividade de chuvia de ideas para detectar coñecementos previos do alumnado, punto de partida para o desenvolvemento da unidade.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	6	9	9	10	10	10	10	10	10	10
Proba escrita	0	90	90	90	90	90	90	90	90	90
Táboa de indicadores	100	10	10	10	10	10	10	10	10	10

Unidade didáctica	UD 11	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	6	100
Proba escrita	90	85
Táboa de indicadores	10	15

Criterios de cualificación:

A avaliación realizarase a través dos criterios de avaliación e as competencias clave, Os criterios de avaliación serán aplicados con flexibilidade atendendo especialmente ás características e posibilidades do alumnado.

Ao longo do curso realizarase unha avaliación formativa baseada na observación sistemática do progreso e dificultades do alumnado, coa finalidade de aplicar mecanismos correctores das insuficiencias observadas.

A avaliación ordinaria farase a través de tres avaliacións parciais, En cada una destas avaliacións parciais o alumnado realizará dúas probas escritas presenciais. Estas probas terán a mesma estrutura que as probas da PAU: definicións de termos, elaboración dun tema e realización dunha composición a partir de tres documentos . En cada exame reflectirase o valor de cada unha das preguntas:

- Pregunta 1. Reflexión crítica de fontes d einformación (2,5 puntos)
- Pregunta 2. Análise comparativa de aspectos sociopolíticos (2,5 puntos)
- Preguntas 3 e 4. Comentario de documentos históricos ou historiográficos (2,5 puntos cada pregunta)

En cada pregunta atenderase aos contidos pero tamén á cohesión textual, a utilización dun vocabulario preciso e axeitado e á corección ortográfica . Descontarase 0,1 puntos por falta ortográfica ata un máximo de 1 punto.

Estas probas poderán ser adaptadas atendendo ás posibilidades do alumnado con necesidades educativas específicas ou a circunstancias que poidan acontecer ao longo do curso. En circunstancias especiais contemplarase a posibilidade de probas telemáticas.

Os criterios de cualificación de cada avaliación parcial serán os seguintes:

- Media das probas escritas: 90%
- Táboa de indicadores (traballo diario, pequenas tarefas de investigación): 10%

En cada avaliación parcial anotarase no boletín de notas a parte enteira da cualificación obtida. Na cualificación final contemplarase as notas con decimais obtidas nas tres avaliacións. Redondearase ao enteiro superior no caso de que tales décimas teñan un valor igual ou superior a 5 (Ex. 7,5 transcribírase como 8) e redondearase ao enteiro inferior no caso de que estas cifras decimais teñan un valor inferior a 5 (ex. 7,4 transcribírase como 7 nos documentos de avaliación).

Para superar a materia é necesario que a media das tres avaliacións parciais sexa igual ou superior a cinco puntos. A cualificación final será a media aritmética das tres avaliacións.

Se durante a realización dun exame un/unha alumno/a é descuberto/a copiando, falando con compañeiros ou utilizando sistemas electrónicos para copiar, cualificarase ese exame cun 0.

As tarefas individuais ou colectivas que entregue o alumnado deberán ser de produción propia. No caso contrario, esas tarefas serán avaliadas cun 0.

Criterios de recuperación:

O alumnado que non acade cualificación positiva nunha avaliación parcial poderá realizar un exame de recuperación coas mesmas características xa descritas para as probas escritas de avaliación. A nota que obteña na recuperación representará o 90 % da cualificación ao que se sumará o 10% da táboa de indicadores. Con estes criterios, a cualificación acadada será a que compute para a final da avaliación ordinaria. No caso de non superala manterase a obtida nesta avaliación parcial ordinaria. No caso da terceira avaliación, esta recuperación coindirá coa proba final de recuperación.

Poderán facer voluntariamente o exame de recuperación o alumnado que desexe obter máis nota da obtida na avaliación parcial, no caso de non superala mantense a obtida na avaliación parcial.

O alumnado poderá mellorar ata un máximo de 0,5 puntos a cualificación acadada en cada avaliación parcial a través da realización das lecturas complementarias.

No mes de maio, en data a fixar pola xefatura de estudos o alumnado terá unha proba final de recuperación. O alumnado poderá presentar a recuperar ou mellorar a nota dunha avaliación parcial ou a unha proba global para recuperar máis dunha avaliación ou a mellorar a cualificación final ordinaria. No primeiro caso, coa cualificación obtida na proba seguirase o procedemento xa descrito para unha recuperación parcial. No caso realizar a proba global, a cualificación obtida nesta proba será a que se reflecta nos documentos de avaliación, sempre que sexa superior á obtida inicialmente.

A proba final ordinaria terá a mesma estrutura que as probas da PAU.

Avaliación extraordinaria

O alumnado que non acade cualificación positiva na avaliación final ordinaria, poderá presentarse a unha proba extraordinaria, en data a fixar pola xefatura de estudos. A proba incluírá toda a materia desenvolvida ao longo do curso e manterá a mesma estrutura que as probas da PAU. A nota obtida nesta proba será a que se reflecta nos documentos de avaliación.

O exame da avaliación extraordinaria será o mesmo para todos os grupos co fin de homoxeneizar os niveis e coordinar a materia impartida polos diferentes profesores.

-

6. Medidas de atención á diversidade

Para o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe por trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), polas súas altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, estableceranse, en coordinación co Departamento de Orientación, as medidas curriculares e organizativas necesarias co fin de que poidan alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e competencias establecidas en cada etapa para todo o alumnado.

Tanto no desenvolvemento do traballo diario como na realización das probas escritas presenciais, contemplaranse e respectaranse os protocolos establecidos de atención á diversidade, adaptados ás circunstancias e peculiaridades concretas do noso alumnado (localización máis idónea na aula, adaptación de instrumentos e tempos que aseguren unha correcta avaliación). De ser necesario, elaborárase a adaptación curricular do alumnado que a precise en colaboración co Departamento de Orientación

En cada unidade propónse unha asimilación progresiva, de menor a maior dificultade, dos conceptos, termos e procesos históricos estudados. En xeral, procurarase proporcionar ós alumnos e alumnas, para os contidos de maior dificultade esquemas e/ou sínteses cos conceptos fundamentais, actividades con diferentes graos de profundización ou páxinas de referencia para resolver súbdas e/ou ampliar coñecementos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora e expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.2 - Comunicación audiovisual								
ET.3 - Competencia dixital								
ET.4 - Emprendemento social e empresarial					X		X	
ET.5 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X			X		X	
ET.6 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Convivencia: Respecto pola diversidade étnica cultural e igualdade de xénero	X	X						
ET.8 - Creatividade							X	

	UD 9	UD 10	UD 11
ET.1 - Comprensión lectora e expresión oral e escrita	X	X	X
ET.2 - Comunicación audiovisual	X	X	X
ET.3 - Competencia dixital	X	X	X
ET.4 - Emprendemento social e empresarial			
ET.5 - Fomento do espírito crítico e científico		X	X
ET.6 - Educación emocional e en valores	X	X	X
ET.7 - Convivencia: Respecto pola diversidade étnica cultural e igualdade de xénero		X	X
ET.8 - Creatividade		X	X

Observacións:

Serán traballados todos os elementos transversais, en especial a comprensión lectora e a expresión oral e escrita pois o alumnado vai ter que ler en diferentes formatos documentos de diversa tipoloxía e redactar resumos, opinións, textos, comentarios históricos.

A tecnoloxía da información e da comunicación reflexada na comunicación audiovisual e a competencia dixital será aproveitada en todas as unidades pois servirán de apoio á práctica docente,

O resto dos elementos transversais, aínda que se traballen de forma explícita en determinadas unidades didácticas, tamén serán abordados en maior ou menor medida en case todas as unidades. así por exemplo, o emprendemento traballarase de xeito especial nas unidades 5 e 7 pero en certa medida estará implicado no resto de unidades na medida que se pretende que o alumnado realice propostas e promova unha actitude proactiva e participativa.

Importante na materia de Historia de España será a educación emocional e en valores como actitude do alumnado na aula de respecto e tolerancia pola diversidade étnica e cultural, de aí que se reflicta explícitamente en todas as unidades didácticas.

Ademais dos elementos transversais especificamente traballados nos anteriores epígrafes, traballaranse de forma específica os seguintes elementos transversais:

- A aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida.
- A prevención da violencia de xénero, e de todo tipo de violencia contra as persoas.
- Elementos curriculares relacionados co desenvolvemento sostible e o medio ambiente.
- Fomento da alimentación equilibrada e da actividade física moderada.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Club de lectura	Actividades complementarias programadas ao inicio do curso.	X	X	X

Observacións:

Dada a densidade do programa establecido en Historia de España de 2º de bacharelato, non contemplamos a realización de actividades fóra do centro, pero sí contemplamos como actividade complementaria a posta en marcha dun club de lectura de carácter voluntario, centrado en lecturas de novelas históricas e de novelas gráficas relacionadas cos contidos traballados na aula. Esta actividade poderíase complementar cun cine-forum.. En calquera caso, estamos abertos a contemplar visitas a exposicións temporais que poidan xurdir ao longo do curso que resulten de especial interese pola súa relación co currículo traballado na aula e sempre e cando poidera participar todo o alumnado.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Os contidos programados permiten a adquisición dos obxectivos establecidos?
A temporalización das unidades e dos contidos é a adecuada?
Avalíanse as aprendizaxes según os criterios de avaliación da programación?

Os criterios de avaliación e cualificación son claros e precisos ?
Metodoloxía empregada
Empréganse diferentes instrumentos de avaliación.?
Ofrécense oportunidades de recuperación?
As actividades complementarias son adecuadas e satisfactorias para o alumnado
A metodoloxía é innovadora? Empréganse actividades variadas e motivadoras?
As explicacións son claras e favorecen a interacción co alumnado?
Préstase atención aos elementos transversais?
Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino-aprendizaxe?
Utilízanse diferentes tipos de agrupamento ?
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Empréganse recursos variados?
Utilízanse outros espazos (biblioteca. aula de informática) e os seus recursos.
Medidas de atención á diversidade
A avaliación inicial serve para detectar fortalezas e necesidades educativas do alumnado?
Os obxectivos axústanse ao nivel académico do grupo detectado na avaliación inicial?
A metodoloxía e os recursos adáptanse as necesidades específicas do alumnado?
As medidas de atención á diversidade adoptadas son eficaces ?
Clima de traballo na aula
Foméntase a interacción de todo o alumnado rexeitando calquera tipo de discriminación?
O clima da aula é axeitado baseado na convivencia activa e no respecto mutuo
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Mantense o contacto fluído co resto do equipo docente e co Departamento de Orientación
Mantense un contacto fluído coas familias ou titores legais do alumnado

Descrición:

Os docentes avalían tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensinanza e a súa propia práctica docente, Esta avaliación será continua e terá como obxectivo adaptar as estratexias educativa adoptadas ao longo do curso ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación da presente programación será continua ao longo do curso. Nas reunións mensuais de departamento farase un seguimento das diferentes programacións. Analizarase o grao de cumprimento dos obxectivos programados e as dificultades atopadas e poderanse introducir as medidas correctoras que se consideren oportunas, tanto a nivel grupal como individual. O profesorado que imparte a materia fará o rexistro de seguimento na aplicación Proens en cada período de avaliación. Na memoria final de curso contemplarase esta avaliación e as propostas de mellora que se consideren oportunas para o curso vindeiro,.

O proceso de seguimento realizarase mediante rúbricas de niveis de indicadores de logro coa seguinte escala de valoración: Deficiente, Aceptable, Boa, Excelente. mediante enquisas anónimas realizadas ao alumnado obteremos resultados sobre o grao de satisfacción do alumnado.

Atendendo á normativa vixente considerarase conforme a programación se se cumpre polo menos un 75% dos contidos programados ao principio do curso, se non hai unha desviación na programación por avaliación máis aló dun 20% dos contidos programados ou incluso, nestes casos, cando as razóns sexan de carácter externo e/ou non imputables ao departamento.

9. Outros apartados

1. Contribución ao proxecto lector

- Análise e comentario de diferentes tipos de fontes, incluída a prensa.
- Lectura voluntaria de novelas históricas e novelas gráficas relacionadas cos contidos traballados na aula.